



**Unión Europea**  
Fondo Europeo  
de Desarrollo Regional  
"Una manera de hacer Europa"



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA PARA LEVAR A CABO DENTRO DO SEU TERMO MUNICIPAL AS ACTUACIÓNS RECOLLIDAS NO PROXECTO IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005816 "ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE XIII: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE MEIS, MEAÑO E VILANOVA DE AROUSA" QUE CONTA CO FINANCIAMENTO DO 80% DO FEDER A TRAVÉS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS PARA PROXECTOS SINGULARES DE ENTIDADES LOCAIS QUE FAVOREZAN O PASO A UNHA ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO DO INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN E AFORRO DA ENERXÍA NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECemento SOSTIBLE 2014-2020**

Na Deputación de Pontevedra, na data da sinatura electrónica

#### Interveñen

Dunha parte M.<sup>a</sup> del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra (P3600000H), actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte, Gonzalo Durán Hermida, Alcalde do Concello de Vilanova de Arousa (P3606100J), actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

E actuando Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que ten lugar.

As partes recoñécense con capacidade para formalizar este convenio marco, en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacíons das administracións públicas

#### Expoñen

I. A Deputación de Pontevedra e o concello de Vilanova de Arousa (en adiante, Concello) comparten como criterio que as entidades locais, como administracións más próximas á ciudadanía, deben ser os axentes protagonistas no deseño, no impulso da acción local e no desenvolvemento das políticas locais; ó tempo que, as deputacións, deben actuar como



institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan obter os mesmos dereitos e servizos.

II. Que, na actualidade, Pontevedra é unha provincia con interese en liderar a transición ecolóxica cara a un modelo máis sostible que garanta o medio natural e o medio ambiente para as futuras xeracións dándolle un pulo á economía baixa en carbono e á economía circular, entre outros aspectos. Neste contexto, a Deputación quere contribuír á redución das emisións de CO<sub>2</sub> á atmosfera e ao uso eficiente das enerxías limpas, especialmente desde as administracións locais.

III. Dentro deste marco, a Deputación de Pontevedra informou, o 13 de agosto de 2019 (rexistro de saída núm.: 2019015131), ós concellos e entidades locais menores da provincia da intención de presentar un proxecto singular no ámbito de actuación da Economía Baixa en Carbono ao amparo das convocatorias Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (en adiante IDAE).

IV. Que o Concello amosou o seu compromiso de participar, mediante a sinatura en data de 18 de decembro de 2020 o Acordo entre beneficiarios do proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-005816 "Iluminación exterior sostible XIII: Renovación das instalacións de alumeados exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa" no ámbito da Economía Baixa en Carbono ao amparo da convocatoria que o Ministerio para a Transición Ecolólica Enerxía, Turismo e Axenda Dixital (actualmente denominado Ministerio para a Transición Ecolólica) impulsa, a través do IDAE, e que ten como finalidade a renovación das instalacións da iluminación exterior sostible de Vilanova de Arousa.

V. Que mediante Resolución presidencial número 2020004698 e data de 17/12/2020 a Deputación aprobou a presentación da solicitude de axudas co título IDAE núm. FEDER-EELL-2020-005816 "Iluminación exterior sostible XIII: Renovación das instalacións de alumeados exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa" no marco da "Medida 6. Renovación das instalacións de alumeados, iluminación e sinalización exterior" definida no anexo I do Real decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións aos proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha Economía Baixa en Carbono, no marco do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020 (modificado polo Real Decreto 316/2019, de 26 de abril).

VI. En data 21/12/2020 preséntase ante o IDAE o proxecto denominado "Iluminación exterior sostible XIII", asignándosele o rexistro núm. 202000010915. Tras a súa avaliación, en data

22/04/2022 (Rexistro de entrada número: 2022010402) recíbese Resolución do Director Xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude, e se concede a subvención con cargo a FEDER por importe de 274.855,56 euros, asignándosele o número de proxecto FEDER-EELL-2020-005816.

VII. Que esta colaboración entre a Deputación e o Concello busca a execución das actividades incluídas no proxecto aprobado anteriormente citado correspondentes ao seu termo municipal; concretamente actuar na renovación das instalacións de alumeados, iluminación e sinalización exterior do Concello, coa fin de que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono. Con estas actuacións conseguirase un aforro estimado no consumo da enerxía eléctrica da instalación reformada en polo menos, un 30%.

VIII. Que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local atribúe, como competencias propias da Deputación, a coordinación dos servizos de competencia municipal como garantía da súa prestación integral e adecuada así como a competencia de asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios.

Neste mesmo sentido, a citada Lei 7/1985, no artigo 36.1.d establece dentro das súas competencias "a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito". A súa vez a mesma lei, nos artigos 25 e 26, atribúe aos concellos as competencias en materia de iluminación pública e medio ambiente urbano, en particular a protección contra a contaminación luminosa.

IX. Que os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen o art. 47 e os seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, art. 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

X. Por último, o concello participante no proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-005816 "Iluminación exterior sostible XIII: Renovación das instalacións de alumeados exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa" a prol dunha maior axilidade e eficacia na execución da obra delega na Deputación de Pontevedra a contratación do investimento.

En base a estes antecedentes, as partes acordan a subscrición deste convenio, consonte as seguintes:



## Cláusulas

### Primeira. Obxecto

O obxecto do presente convenio é articular as bases de colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e o concello de Vilanova de Arousa para levar a cabo a renovación das instalacións de alumeados, iluminación e sinalización exterior do concello, coa fin de que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono acadando a redución do consumo de enerxía eléctrica da instalación reformada, en polo menos, un 30%.

Polo tanto son obxectivos do presente convenio:

- Substitución de luminarias existentes por outras novas, de tecnoloxía LED, todas elas con óptica viaria ornamentais e cumplindo o establecido anteriormente. As luminarias dispoñerán redución de nivel mediante equipo multinivel preprogramado para axustar o nivel de iluminación segundo os diferentes horarios nocturnos e os diferentes tipos de vías.
- Instalación de módulos retrofit led en luminarias existentes que se atopan en bo estado, todas elas con óptica viaria e cumplindo o establecido anteriormente. As luminarias dispoñerán redución de nivel mediante equipo multinivel preprogramado para axustar o nivel de iluminación segundo os diferentes horarios nocturnos e os diferentes tipos de vías.
- Substitución de cadros de mando e protección por outros novos, que dispoñen de sistema de control de acceso mediante programador astronómico, protección contra sobretensións permanentes e transitorias, proteccións térmica e diferencial, etc. Existen astronómicos nalgúns dos cadros pero que son moi antigos e o seu funcionamento non é adecuado, atópanse en mal estado e substitúense os mesmos.
- Substitución de cableado existente que se atopa en mal estado ou cableado novo para realizar unificacións entre instalacións que se atopa próximas, para permitir incrementar o tamaño das instalacións, reducir o custo da potencia contratada e mellorar o control das instalacións e a súa facturación.

Estas actuacións forman parte do proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-005816 "Iluminación exterior sostible XIII: Renovación das instalacións de alumeados exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa", que conta con financiamento do 80% do

Pode verificar a integridade deste documento  
no enderezo: <https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación (CSV): Q0903NK6H9CCUW/M4



FEDER a través do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020 segundo a convocatoria de axudas a entidades locais para proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha Economía Baixa en Carbono do IDAE.

## Segunda. Ámbito de actuación

A continuación defínense a localización das actuacións a realizar, segundo o recollido na memoria descriptiva do citado proxecto, dentro do termo municipal do Concello:

<b>Concello Vilanova de Arousa</b>	
<b>Vilanova de Arousa</b>	Zona de alcance: campo de fútbol de Pontearnelas, campo de fútbol de Corón e campo de fútbol de Terrón  Substituiranse os 65 puntos de luz dos campos de fútbol de Pontearnelas, Corón e Terrón, por novos puntos de tecnoloxía LED de última xeración e elevada eficiencia. E elimínanse 4 puntos de luz existentes non necesarios para cumplir coa normativa vixente. Respecto aos cadros de mando, o proxecto contempla actuacións nos 3 existentes, instalando nestes cadros de mando un sistema de control e regulación para axustala segundo os diferentes horarios nocturnos e as diferentes necesidades. Ademais, inclúense actuacións en 12 subcadros de seccionamiento de torres pertencentes aos 2 cadros principais.

## Terceira. Importe e financiamento

A inversión elixible admitida polo IDAE para o proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-005816 "Iluminación exterior sostible XIII: Renovación das instalacións de alumeados exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa", para a realización das actuacións dentro do termo municipal do Concello, ascende á cantidade de cento cincuenta e dous mil oitocentos sesenta e dous euros con vinte e tres céntimos de euro (152.862,23€).

Do total do investimento descrito no parágrafo anterior, o IDAE, con cargo a fondos do FEDER concedeu á Deputación de Pontevedra unha axuda por importe máximo de cento vinte e dous mil douscentos oitenta e nove euros con setenta e oito céntimos de euro (122.289,78€), correspondendo este importe ao 80% do investimento admitido elixible.

Para fazer fronte ao importe restante (20% do investimento elixible admitido) a Deputación de Pontevedra e Concello adherido chegaron ao acordo de financiar ese importe con fondos propios das citadas entidades cos seguintes condicionantes:

Pode verificar a integridade deste documento

no enderezo: <https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación (CSV): Q0903NK6H9CCUW/M4



- A Deputación de Pontevedra achegaría o 10% do investimento elixible co límite de vinte mil euros (20.000€) para actuacións dentro do termo municipal de cada un dos concellos adheridos
- O importe restante, ata chegar ao 100% do importe das actuacións a realizar dentro do seu termo municipal, achegaríao cada un dos concellos.

Neste sentido, o Concello adherido ao proxecto indicado achegou a certificación do acordo adoptado polo órgano de governo correspondente onde se adherían ao proxecto e se comprometían a consignar no orzamento municipal os créditos necesarios para afrontar as achegas municipais para a realización do mencionado proxecto no caso de ser subvencionado.

Ademais o Concello adherido ao proxecto indicado no inicio deste parágrafo asinou o día 18 de decembro de 2020 o correspondente Acordo entre beneficiarios, que forma parte da documentación remitida ao IDAE como documento complementario do expediente de concesión da axuda.

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria de data o6 de maio de 2022 aprobou, entre outros asuntos, a concesión das axudas comprometidas pola Deputación ao abeiro do proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-005816 "Iluminación exterior sostible XIII: Renovación das instalacións de alumeadoo exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa" aos concellos beneficiarios e autorizou a comprometer o gasto polos importes da achega da Deputación.

No caso concreto das actuacións a realizar no termo municipal correspondente ao Concello o cadre financeiro é o que se corresponde coa seguinte táboa:

Concello	Investimento elixible admitido	Axuda IDAE outorgada (80% FEDER)	Achega do Concello	Achega da Deputación de Pontevedra
Vilanova de Arousa	152.862,23€	122.289,78€	15.286,23€	15.286,22€

A Deputación comprométense a achegar para a realización das actuacións nos concellos descritas neste convenio de colaboración o importe que ascende a quince mil douscentos oitenta e seis euros con vinte e dous céntimos de euro (15.286,22€) consignados na aplicación



22/942.1650.652.15.2021, dentro do proxecto de gastos **codificado como "FEDER-EELL-2020-005816 – "Iluminación exterior sostible XIII".**

O Concello finanziará o importe restante, é dicir, quince mil douscentos oitenta e seis euros con vinte e tres céntimos de euro (15.286,23€) ingresarase antes de que finalice o **mes de xuño do 2022** coa fin de xerar o crédito necesario nas aplicacións correspondentes.

O importe que ten que achegar o Concello constitúe un ingreso de dereito público que deberá ingresarase na tesourería provincial no momento da sinatura do convenio e, en todo caso, antes da iniciación do expediente de contratación co fin de xerar o crédito necesario na aplicación correspondente.

En caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, o financiamento reducirase en correlación ás obrigas económicas que lle corresponda afrontar a cada parte.

Segundo se recolle na cláusula 25.4 das Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra, para facer efectivas as obrigas de achega do Concello para o financiamento do presente convenio outórganse expresamente as facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación de Pontevedra sobre calquera pago concreto que lle teña que fazer ao Concello, ou calquera pago que lle teña que fazer o ORAL ao Concello, se tivera delegadas as facultades de recadación en dito organismo.

#### Cuarta. Contratación

Segundo co asinado no Acordo entre beneficiarios o Concello adherido ao proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-005816 "Iluminación exterior sostible XIII: Renovación das instalacións de alumeadoo exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa" delega na Deputación de Pontevedra a contratación das obras, dos servizos ou das asistencias técnicas que sexan necesarias para a execución das actuacións que implica a renovación de instalacións no alumeadoo exterior do concello de Vilanova de Arousa.

Neste sentido a tipoloxía de traballos para contratar poden comprender os servizos para a redacción do proxecto de execución, a dirección facultativa dos traballos, a adquisición dos equipamentos e materiais necesarios así como a súa montaxe e instalación, entre outros traballos.

## Quinta. Modificación do proxecto

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento da obra por causas imprevistas e que obriguen a unha modificación do proxecto deberá contar coa autorización previa e expresa do IDAE, do Concello e da Deputación.

En caso de que a incidencia, por causas imprevistas, obrique a un incremento da cantidad total estipulada no convenio deberá contar coa autorización previa e expresa do IDAE, do Concello e da Deputación, e financiarase pola Deputación de Pontevedra e polo propio Concello na mesma proporción e co mesmo límite que se estipula na cláusula terceira.

Non obstante, de producirse unha baixa na adxudicación, esta poderase aplicar para garantir o financiamento do modificado do proxecto e do contrato ata o límite fixado nos pregos de cláusulas administrativas, sempre coa supervisión da Comisión de seguimento e contando coa autorización previa e expresa do IDAE.

Calquera modificación sobre o ámbito das actuacións previstas inicialmente na memoria descriptiva do proxecto aprobado, e sempre dentro do importe máximo aportado polo IDAE, pola Deputación e polo Concello poderá dar lugar á tramitación de addendas ao convenio, previo informe e proposta da Comisión de seguimento e contando coa autorización previa e expresa do IDAE.

## Sexta. Compromisos das partes

A Deputación de Pontevedra comprométese a:

- Actuar como interlocutor para os efectos de participación e representación nesta liña de axudas, tal e como consta na memoria descriptiva das actuacións a acometer, asumindo as obrigas como responsable do proxecto ante os órganos de xestión do programa.
- Financiar a execución das actuacións que implican as actuacións no termo municipal do Concello de Vilanova de Arousa tal como se reflexa na cláusula terceira.
- Licitar, adxudicar, executar e recibir os traballos contemplados na memoria descriptiva de actuacións dentro do proxecto no termo municipal do Concello.

Unha vez dada a recepción da obra pola Deputación, realizarase un acto formal de entrega ao Concello, debendo ordenarse previamente mediante unha resolución presidencial, e detallándose na acta de entrega o equipamento en cuestión que se entrega, a súa valoración, as obrigas de mantemento por parte do Concello nos 5 anos posteriores así



como os demais aspectos que sexan necesarios para a inclusión, no seu caso, no inventario do Concello.

- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ó Consello de Contas, tratándose dun convenio que non excede dos 600.000,00 euros.

A maiores no artigo 3 do Acordo entre beneficiarios asinado, a Deputación de Pontevedra como interlocutor da operación abarca os seguintes compromisos:

- Asumir a coordinación xeral da operación así como a súa xestión económica e financeira, garantindo a execución da operación na súa integridade, incluíndo o cumprimento dos resultados previstos
- Executar as actuacións e ter unha contabilidade separada para a operación e asegurar que cada beneficiario leve unha contabilidade separada da súa participación nela
- Representar de común acordo a todos os beneficiarios da operación nas comunicacións co Organismo Intermedio (OI), coa Autoridade de Xestión (AG), a Autoridade de Certificación (AC) e demais organismos competentes, así como no que poida requirirse directamente por parte da Comisión Europea (CE)
- Velar para que as actividades e accións das que consta o proxecto non se beneficiaron nin se beneficien de axudas financeiras que supoñan un dobre cofinanciamento
- Presentar as solicitudes de pagamento garantindo que os gastos presentados se contraeran na execución da operación e corresponden ás actividades acordadas na memoria descriptiva das actuacións a realizar
- Garantir que os gastos presentados se verificaron e validaron de acordo co Real decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 (modificado por Real Decreto 316/2019, de 26 de abril) e coa Orde HFP/1979/2016, de 29 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período 2014-2020 e demais normativa de aplicación
- Responsabilizarse, en caso necesario, de comunicarlle á AG, a través do OI calquera cambio no orzamento da operación



- Responsabilizarse de comunicarlle á AG e ó OI a proposta de modificación do proxecto que eventualmente poida efectuarse, de acordo cos requisitos e procedemento establecidos
- Responsabilizarse de comunicaralles ao resto de beneficiarios toda a información necesaria para garantir a boa xestión do proxecto
- Responsabilizarse de cumprimentar e de enviar AG, a través do OI, os informes, os documentos de seguimento financeiro e das solicitudes de pagamento segundo o previsto. A CE, a AG e o resto dos organismos competentes poderán solicitar en todo momento información complementaria que deberá ser remitida no prazo establecido
- Aceitar os controis, coas súas conclusóns e consecuencias, que sobre a execución do proxecto e o uso das subvencións concedidas realicen os organismos comunitarios competentes e as administracións que achegan cofinanciamento a operación, poñendo a disposición todos os documentos que lle sexan requiridos
- Comprometerse a conservar e ter dispoñibles todos os documentos xustificativos en forma de orixinais ou copias compulsadas (no caso de facturas ou documentos xustificativos emitidos en formato electrónico, só poderán admitirse aqueles que cumpran a normativa vixente) relacionados cos gastos, auditorías e controis correspondentes, en previsión de solicitudes por parte da Comisión Europea, da AG, de certificación ou de auditoría, conforme ao artigo 140 do Regulamento (UE) núm. 1303/2013. Comprometerse tamén a que todos os beneficiarios da operación conserven a documentación nos mesmos termos
- Comprometerse a informar a AG de calquera axuda financeira que non fixese pública anteriormente e que sexa recibida por calquera beneficiario do proxecto (por exemplo, subvencións, préstamos ou doazóns)
- Comprometerse a comunicarlle a AG, se é o caso, que a axuda recibida informada en virtude do parágrafo anterior debe considerarse como axuda de Estado de conformidade á normativa comunitaria
- Comprometerse a comunicarlle á AG a existencia de calquera actividade desenvolvida por calquera dos beneficiarios do proxecto que deba ser considerada como concernida pola normativa relativa ás axudas de Estado
- Comprometerse a proceder á devolución da axuda indebidamente percibida, sen prexuízo dos intereses legais que se lle puidesen esixir, reembolsando así as sumas abonadas indebidamente conforme ao disposto en regulamentos comunitarios e demás normativa de aplicación



- Comprometerse a comunicarlle á AG, a través da OI, calquera ingreso xerado pola operación

Pola súa banda, o concello obrígase a:

- Asumir as obrigas económicas que lle correspondan no marco deste convenio e desembolsar o importe comprometido para o cofinanciamento das actuacións que se realicen dentro do seu termo municipal con anterioridade ao comezo do expediente de contratación das actuacións por parte do Servizo de Contratación da institución provincial. No caso de que o Concello non desembolse o importe comprometido, no tempo e forma acordado, poderá ser expulsado do proxecto mencionado de acordo coas normas comunitarias e coas normas nacionais que lle sexan de aplicación
- Poñer a disposición da Deputación de Pontevedra os equipamentos e as infraestruturas necesarias para poder levar a cabo a execución das actuacións que se contemplan na memoria descriptiva do proxecto. Neste sentido o Concello acreditará que é a titular das instalacións sobre as que se executarán as actuacións de rehabilitación enerxética descritas no proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-005816 "Iluminación exterior sostible XIII: Renovación das instalacións de alumado exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa"
- Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas
- Comunicar á Deputación de forma inmediata a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía
- Levar a cabo o mantemento e conservación da infraestrutura obxecto do convenio, asumindo a responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción de obra coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas. No caso de non garantir durante os 5 anos posteriores á formalización da acta de recepción de obra o seu correcto funcionamento, coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas, así como calquera outra incidencia que poida xurdir no desenvolvemento do convenio, imputable á respectivo Concello, que impliquen tanto a descertificación do gasto por parte da Autoridade de Xestión da UE como a perda da subvención para recibir do FEDER, habilitará a esta Deputación provincial a reclamarlle o Concello responsable tanto os importes correspondentes ás perdas de financiamento do

FEDER como a parte proporcional do cofinanciamento da Deputación, ou ben a súa compensación en calquera dos plans ou convenios que manteña coa Deputación.

- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación se lle requira no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á intervención provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas
- Dar adecuada publicidade a este convenio para que quede constancia das actuacións que implican as actuacións de rehabilitación enerxética que se levará a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra e que conta co financiamento do FEDER nun 80% a través das liñas de axudas do IDAE.

No artigo 4 do Acordo entre beneficiarios o Concello acepta a coordinación técnico-administrativa e financeira do interlocutor (Deputación de Pontevedra) coa fin de facilitar as súas obrigas ante as autoridades de xestión, certificación e auditoría, organismos intermedios e resto de órganos competentes na xestión do programa asumindo os seguintes compromisos en relación a operación:

- Aceitar os controis e auditorías, coas súas conclusións e consecuencias, que sobre a execución do proxecto e o uso das subvencións concedidas realicen os organismos comunitarios competentes e as administracións que achegan cofinanciamento á operación, poñendo a disposición todos os documentos que se lle requiran
- Xestionar e manter unha contabilidade separada correspondente á execución do proxecto no referente ás correspondentes contrapartidas
- Facilitar o seguimento e control do proxecto que realicen os órganos de xestión do programa
- Declarar os ingresos producidos durante o desenvolvemento do proxecto non previstos na memoria descriptiva, así como aqueles que se produzcan unha vez transferido o pagamento do saldo da operación, de acordo co disposto no artigo 61 do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 de decembro
- Asumir a responsabilidade en caso de calquera irregularidade no gasto que se declarou e detectou, de acordo coas normas comunitarias e coas normas nacionais que eventualmente sexan de aplicación
- Colaborar en responder as solicitudes de información dos órganos de xestión do programa, así como facilitar os documentos necesarios para a instrución do proxecto



- Garantir o cumprimento dos resultados previstos para as actividades e accións do proxecto indicados na memoria descriptiva das actuacións a realizar, de acordo co cronograma do seu plan de traballo
- Cooperar no establecemento dun sistema de seguimento que permita cuantificar a contribución das accións conforme aos indicadores vinculados ao proxecto
- Cumprir a publicidade da participación europea no proxecto de acordo co disposto na normativa comunitaria e estatal de aplicación
- Respectar e preservar os principios horizontais da Unión Europea: desenvolvemento sostenible, igualdade de oportunidades e non discriminación e igualdade entre homes e mulleres; téndoos en conta para a execución das actividades e accións do proxecto
- Respectar e preservar as normas comunitarias de competencia de mercados públicos e contratación

#### Sétima. Compatibilidade con outras subvencións

A achega económica prevista neste convenio, que ten carácter de subvención, será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou organismos internacionais tendo en conta a normativa comunitaria que regula o FEDER e demais normativa aplicable.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo das contratacións subvencionadas.

#### Oitava. Responsabilidades de información e comunicación

Os proxectos cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), implican a aceptación do establecido nos Regulamentos (UE) 1303/2013, de 17 de decembro e 821/2014 do 28 de xullo, sobre disposicións específicas e xerais correspondentes aos fondos europeos de desenvolvemento, en relación coas actividades de información e publicidade, en particular, nas publicacións, actividades de difusión, páxinas web e outros resultados aos que poida dar lugar o proxecto.

De acordo con estes regulamentos, as responsabilidades dos beneficiarios en materia de información e publicidade son as seguintes:

Pode verificar a integridade deste documento

no endereço: <https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación (CSV): Q0903NK6H9CCUW/M4



- 1) En todas as actuacións de información e comunicación que se levan a cabo o beneficiario deberá recoñecer o apoio dos fondos á operación mostrando:
  - a) O emblema da Unión Europea, así como unha referencia a esta organización
  - b) Unha referencia ao fondo ou fondos que dan apoio á operación
  - c) Lema do fondo: "Un xeito de facer Europa"
- 2) Durante a realización dunha operación o beneficiario informará ao público do apoio obtido dos fondos:
  - a) Facendo unha breve descripción na súa páxina web da operación, de xeito proporcionado ao nivel de apoio prestado, cos seus obxectivos e resultados e destacando o apoio financeiro da Unión Europea
  - b) O beneficiario deberá proporcionar ao IDAE a información necesaria para a súa inclusión na lista pública de operacións que será obxecto de publicación electrónica ou por outros medios
  - c) Se a axuda FEDER é inferior a 500.000€, o beneficiario deberá colocar polo menos un cartel con información sobre o proxecto dun tamaño mínimo A3 no que se mencionará a axuda financeira da Unión Europea, nun lugar ben visible para o público, por exemplo, a entrada dun edificio
  - d) Se a axuda FEDER é superior a 500.000€ e para obras de infraestrutura ou construcción, o beneficiario colocará un cartel temporal de tamaño significativo (suxírese un tamaño mínimo A2) nun lugar ben Visible para o público

O cartel temporal indicará o nome e o obxectivo principal da operación, o emblema da Unión Europea xunto cunha alusión á devandita organización e a referencia ao fondo ou fondos ocupando esta información, polo menos o 25% de devandito cartel.

- 3) Nun prazo de tres meses a partir da conclusión da operación o beneficiario colocará nun lugar ben Visible para o público un cartel ou placa permanente de tamaño significativo (suxírese un tamaño mínimo A3)

O cartel ou placa permanente (deberá estar instalado, polo menos ata a fin do ano 2023, data na que conclúe a vixencia do Programa Operativo de Crecemento Sostible), indicarán o nome e o obxectivo principal da operación, o emblema da Unión Europea, xunto cunha referencia a devandita organización e a referencia ao fondo ou fondos, ocupando esta información, polo menos, o 25% da antedita placa ou cartel.



- 4) A documentación administrativa correspondente aos expedientes cofinanciados deberá incluír unha mención ao financiamento da Unión Europea, especificando o fondo no marco do cal se realiza a actuación, neste caso o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER). Esta obrigación refírese aos documentos relativos á actuación con cofinanciamento, entre outros:
- a) Anuncios de licitación
  - b) Pregos de cláusulas administrativas e de prescripcións técnicas
  - c) Contratos administrativos
  - d) Traballo presentados polo contratista (estudos, informes, enquisas e outros)
  - e) Convenios de colaboración

O deseño gráfico do cartel e os soportes de difusión que se realicen cumplirán cos requisitos e modelos que estableza o IDAE, de acordo coas pautas establecidas nos *Manuais de imaxe de axudas e financiamento para proxectos de investimento que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono* ([www.idae.es](http://www.idae.es)).

Ademais en toda a documentación e información relativas ás actuacións obxecto deste convenio incluirase a imaxe corporativa en todos os formatos que a esta fin faciliten á Deputación e ao Concello, e figurará o financiamento outorgado pola administración provincial.

En todo caso as accións a desenvolver ao abeiro do convenio deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello arriba referido e á Deputación Provincial de Pontevedra.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na Resolución, de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito da cidadanía a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo



o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### **Novena. Confidencialidade da información e protección de datos**

As partes comprométense ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio coa garantía de confidencialidade que en cada caso se requira e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración desde convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

As partes poderán darlle publicidade á existencia deste convenio na forma en que ambas o determinen de mutuo acordo.

#### **Décima. Comisión de seguimiento e control**

Para o seguimento deste convenio constituirase unha Comisión de seguimento e control, integrada pola presidenta da Deputación e a alcaldesa ou alcalde do Concello respectivo, ou as persoas nas que deleguen, así como un representante de carácter técnico de cada Administración asinante.

Corresponderalle á Comisión de seguimento:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzcan na execución dos contratos a que este convenio se refire
- A coordinación entre as administracións asinantes na execución da obra e no financiamento do convenio, ditando as instrucións oportunas
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión dun informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes



- A emisión dun informe en relación con cantas incidencias se produzan na execución do contrato ao que este se refire
- A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestiós a que os seus informes se refiran

A Comisión de seguimento reunirase cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na sede da Deputación de Pontevedra ou no lugar que acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase a persoa responsable e o seu secretario que levantarán acta das reunións.

#### **Décimo primeira. Vixencia do convenio**

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá Vixencia ata o remate das actuacións do que é obxecto e, en todo caso, ata o 30 de setembro do 2023.

Non obstante, a Vixencia deste convenio poderá prorrogarse de conformidade expresa das partes asinantes, sempre que a normativa aplicable das operacións financiadas polo FEDER o permita.

#### **Décimo segunda. Extinción do convenio**

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1º. O transcurso do prazo máximo de Vixencia
- 2º. O acordo unánime dos asinantes
- 3º. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algún dos asinantes

Neste caso notificaráselle á parte que incumpra o requerimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos.

Este requerimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia da causa da resolución e entenderase resolto o convenio.



A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos prexuízos causados.

4º. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio

5º. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis

#### Décimo terceira. Normativa aplicable

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de execución dos orzamentos das administracións asinantes e as restantes normas de derecho administrativo, e no seu defecto, as normas de derecho privado.

Ao ser un proxecto financiado pola Unión Europea nun 80% a través do FEDER está suxeito á seguinte normativa:

- Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, polo que se establecen as disposicións comúns e xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (período 2014-2020)
- Regulamento (UE) núm. 1299/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, relativo ao FEDER (período 2014-2020)
- Regulamento (UE) núm. 1301/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, sobre o FEDER e sobre disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego, polo que se derroga o Regulamento CE núm. 1080/2006
- Regulamento de execución (UE) 184/2014, de 25 de febreiro, sobre as condicións aplicables ao sistema de intercambio electrónico de datos entre os estados membros e a Comisión



- Regulamento de execución (UE) 215/2014, de 7 de marzo, sobre metodoloxías de apoio á loita contra o cambio climático, á determinación dos fitos e ás metas no marco de rendemento
- Regulamento de execución (UE) 288/2014, da Comisión de 25 de febreiro, que establece normas con arranxo ao Regulamento 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, en relación co modelo para os programas operativos
- Regulamento delegado (UE) 480/2014, da Comisión de 3 de marzo, que complementa o Regulamento 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello que establece as disposicións comúns relativas ós fondos
- Regulamento de execución (UE) 821/2014, da Comisión de 28 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación ao Regulamento 1303/2013, sobre as modalidades concretas de transferencia e xestión das contribucións do programa, a presentación de información sobre os instrumentos financeiros, as características técnicas das medidas de información e comunicación das operacións e o sistema para o rexistro e almacenamento de datos
- Regulamento de execución (UE) 1011/2014, da Comisión de 22 de setembro, polo que se establecen as normas detalladas para a aplicación do Regulamento 1303/2013, no que respecta aos modelos sobre os intercambios de información entre beneficiarios e autoridades de xestión, autoridades de certificación, autoridades de auditoría e organismos intermedios
- Real decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono, no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, modificado polo Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 e o polo Real Decreto 1185/2020 do 29 de decembro, que modifica o Real Decreto 616/ 2017



- Orde HFP/1979/2016, de 29 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período 2014-2020
- Artigos 86 e demais concordantes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Artigos 172 a 182, 216, 217 e demais concordantes do R. d. l. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Regras 21 a 29 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a instrución do modelo normal de contabilidade local
- Resolución presidencial núm. 2017008767, de 8 de maio de 2017, pola que se regula a información a remitir ao Tribunal de Contas dos convenios que se formalicen pola Deputación e os seus organismos dependentes

#### Décimo cuarta. Resolución de conflictos

O concello de Vilanova de Arousa e a Deputación de Pontevedra comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puideran resolverse a través da Comisión de seguimento, será competente a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

O Alcalde do concello de Vilanova de Arousa      A Presidenta da Deputación de Pontevedra

Asdo.: Gonzalo Durán Hermida

Asdo.: M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego

O Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra

Asdo.: Carlos Cuadrado Romay

